

## CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA GOBERNO LOCAL PARA O LUNS DÍA 19 DE XUÑO DE 2017 (XGL 13/2017)

Conforme ó ordenado pola Alcaldía, e de acordo co previsto no art. 113.1 e 2 do R.D. 2568/1986, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** que terá lugar na Casa do Concello o **día 19 de xuño de 2017, ás 13:00 horas** en primeira convocatoria, e, de non haber "quórum" suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois.

Así mesmo informáselle que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícaselle que a partir desta data está a súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

<b>Sesión de:</b> Xunta de Goberno Local <b>Convocatoria:</b> Sesión ordinaria 13/2017	<b>Data da sesión:</b> luns 19/06/2017 <b>Hora:</b> 13:00 h.
---	---

### 1.- Acta da sesión anterior (05/06/2017). Aprobación.

### 2.- Publicacións en boletíns oficiais.

### 3.- Xulgados e tribunais.

### 4.- Decretos. Dación de conta.

### 5.- Facturas. Aprobación.

### 6.- Vaos

6.1.- Baixa de reserva de espazo para aparcamento número 981.

6.2.- Vao permanente na rúa Méndel, núm. 4, baixo. Expte. 222/2017.

### 7.- Licenzas de obra

7.1.- Licenza para edificación de uso de almacén de maquinaria forestal. Expte. 1/2017.

7.2.- Licenza de nave industrial destinada a compravenda e reparación de material deportivo e maquinaria para ximnasios. Parcela H1-H2, no parque empresarial de Bértoa. Expte. 44/2017.

7.3.- Licenza de nave industrial na parcela J3 do parque empresarial de Bértoa. Expte. 48/2017.

7.4.- Licenza para legalización de edificación auxiliar de vivenda unifamiliar en Castrillón, Lema. Expte. 70/2016.

### 8.- Licenza de primeira ocupación

8.1.- Licenza de primeira ocupación de rehabilitación de vivenda no lugar das Pozas, núm. 3, Berdillo. Expte. 9/2017.

### 9.- Expedientes de contratación. Aprobación.

9.1.- Contrato administrativo de obras "Reposición de capa de rodadura en Polígono Industrial de Bértoa (OBR. 13/2017), financiado parcialmente pola Deputación da Coruña mediante convenio (CONV. 08/2017).

### 10.- Expedientes de contratación. Adjudicación.

10.1.- Contrato administrativo de obras de "Rede de saneamento no Cotote, parroquia de Sofán" (OBR. 01/2017), incluída no Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016 da Deputación Provincial da Coruña.

10.2.- Contrato administrativo de obras de "Reparación dos viais secundarios na parroquia de Sofán" (OBR. 03/2017).

10.3.- Contrato administrativo de obras de "Reparación dos viarios secundarios na parroquia de Rus" (OBR. 04/2017).

### **11.- Rogos e preguntas**

O que se notifica ós correspondentes efectos.

En proba da recepción da convocatoria e a orde do día, sírvase asinar a presente.

Carballo, 15 de xuño de 2017

O Secretario



D. José Villán Puertes